

AS CRUCES DE PEDRA DO CAMIÑO VELLO DOS ARRIEIROS

Juan J. Burgoa

*Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra,
máis alá da néboa,
máis alá do mar,
máis alá da chuvia,
máis alá do bosque.*
Luis PIMENTEL

1. OS CAMIÑOS EN GALICIA

Dentro dun territorio como o de Galicia, que ten unha topografía contrastada, un variado manto vexetal e un poboamento disperso e repartido en numerosas entidades, a súa rede viaria é dunha evidente complexidade aínda que non se pode dicir que teña moita relevancia e categoría. Moitos autores consideran que dende tempos prehistóricos houbo en Galicia unha rede viaria de certa entidade, que foi continuada no tempo polas relativamente completas e coñecidas vías romanas e máis tarde polos camiños reais, xeneralizados a partir do século XVIII, máis abundantes os chamados de ferradura que os de rodas, e todos eles adaptados á cambiante orografía galega.

Unha variante singular dentro dos camiños galegos foron os chamados Camiños de Arrieiros, especialmente adicados ao transporte de diversas mercadorías como poden ser o peixe e o viño, caso dos que circulan pola Terra de Montes en Pontevedra ou polo Carballiño en Ourense. Un destes ancestrais vieiros é o coñecido como Camiño Vello dos Arrieiros que une a vila das Pontes co antigo Porto de Bares e que foi estudado especialmente por Federico Maciñeira e Ramón Bascoy.

2. A CRUZ, A PEDRA E O CAMIÑO

Dentro das numerosas mostras da arte popular de Galicia, o cruceiro é o monumento máis abondoso, o que mellor se pode identificar coa paisaxe e quizais sexa o máis

arraigado entre as xentes da terra. O amplo número de cruceiros que balizan a paisaxe galega pódese interpretar como o resultado da presenza coincidente dun elemento material, a vernácula pedra de gra, dun símbolo relixioso universal, a cruz, e dunha serie de particulares factores etnográficos, entre os que se debe salientar a existencia dos vellos camiños e as encrucilladas como lugares de antigos cultos ou espazos de encontro co sobrenatural.

Esta tripla conxunción, dentro do marco constituído pola peculiar relixiosidade, as devocións populares e as antigas crenzas do mundo rural galego, herdeiro de primitivas culturas, para moitos pode ser unha das causas desta abondosa presenza das cruces de pedra. Non obstante, a súa xénese evolutiva é problemática, bastante complexa e non está plenamente pescudada, pese a extensas e serias contribucións de diversos estudosos nos derradeiros anos.

En especial, cómpre considerar a obra de Castelao, *As cruces de pedra na Galiza*, como obrigada referencia e rigorosa achega a este tema, obra onde se mesturan meritorias teorías con suxestivas intuicións e que até agora non foi igualada por ninguén, expostas coa súa fermosa calidade literaria. Para Castelao, o cristianismo asimilou a cruz de cultos máis antigos para convertela no seu símbolo fundamental, aparecendo dende ese momento colocada sobre moitos monumentos megalíticos, ofrecendo deste xeito variados exemplos de cristianización das pedras.

Como ocorre con todo proceso de evolución, posibelmente o nacemento do cruceiro non se deba a un desenvolvemento único e lineal, se nón que se podería deber á mestura dunha serie de procesos evolutivos que, modulados e conformados por diversos factores externos, algúns deles mesmo de procedencia foránea, levárono ao longo do tempo e do espazo á súa actual forma, de xeito tal que non existe un acordo unánime entre os estudosos das cruces de pedra sobre este proceso multiseccular de nacemento e posterior evolución desta obra de arte popular.

3. A PEDRA EN GALICIA

Neste contexto da xénese do cruceiro débese ter en conta a grande importancia que tivo a pedra no noroeste peninsular dende a noite dos tempos, feito que aínda persiste na memoria popular. A pedra estivo sempre presente e formou parte dos máis variados monumentos e paisaxes da realidade galega. A veneración e adoración cara as pedras e agrupacións líticas e rochosas provén dos antigos cultos pagás dos primitivos poboadores de Galicia, para os que a pedra era o símbolo da intemporalidade e a inmutabilidade, a diferenza doutros elementos naturais suxeitos a cambios e caducidade, incluída a propia

natureza humana. A pedra foi, e segue a ser, motivo de adoración ou culto, non só por mor da súa propia morfoloxía, se non polo seu carácter de símbolo, ben pola súa forma e tamaño ou a causa dunha serie de características que lle outorgan certa sacralidade.

Así, nunha terra onde a pedra se amosa tan abundante e de formas tan variadas, utilizándose coa maior profusión e con diversos usos dende os tempos máis remotos, orixináronse unha serie de ritos e crenzas arredor de numerosas pedras de diversa morfoloxía, dentro do imaxinario popular. Ao longo do tempo moitas destas pedras e rochas foron sacralizadas coa gravación de sinais cruciformes ou co posterior coroamento de cruces de pedra.

De xeito resumido, dentro das tradicións litolátricas galegas, pódense considerar as pedras antropo e zoomorfas, as rochas oscilantes adiviñatorias e propiciatorias de sacrificios (as coñecidas penas de embade ou abaladoiras), as pedras gravadas ou insculturadas, as pedras de fins medicinais, as penas de signo fertilizante, as pedras perforadas, as pedras de altar e asociadas a antigos cultos, as pedras de termo e, finalmente, as pedras levantadas con carácter funerario, entre as que se inclúen as mámoas ou túmulos, os dólmenes, os menhires e os crómlechs, ademais dos amilladoiros ou montóns de pequenas pedras colocadas nos camiños.

4. O CAMIÑO E A ENCRUCILLADA

Por outra banda, os vellos camiños de Galicia unen á súa manifesta funcionalidade un sentido máxico e unha intencionalidade sagrada que quedou gravada de xeito material nas pedras e de maneira inmaterial na forma de tradicións, lendas e devocións. Sen necesidade de remontarmos a épocas anteriores, dentro da cultura castrexa peninsular foi en Galicia onde se manifestou unha maior presenza de divindades de proxenie celta nos camiños e nas súas encrucilladas, considerados lugares de incerteza. Dende a orixe dos tempos os camiños, no seu sentido máis amplo, engaden á utilidade da súa función como nexo de unión entre lugares unha gran significación dentro do mundo da simboloxía e da sacralidade. O paso do tempo foi embebendo os diferentes e vellos camiños galegos dunha atmosfera máxica que quedou gravada de xeito material, na abundantes pedra do país galego, ou plasmada de maneira inmaterial en forma dun conxunto de tradicións, ritos e lendas.

As citadas divindades, herdeiras da mitoloxía indoeuropea, persistiron durante a posterior etapa de romanización e nun proceso de sincretismo xorden entón os Lares Viais, baixo os que se agochan determinados deuses protectores de orixe indíxena, e que máis adiante evolucionarán para se converter en santos cristiáns. Sendo tan abondosas as

dedicacións en Galicia ás divindades dos vieiros e encrucilladas, e contando no seu territorio con tan gran número de cruceiros nos seus antigos camiños rurais, non debe estrañar que numerosos estudosos traten de relacionar estes feitos tan significativos.

A cristianización de Galicia a partires do século VI, malia os esforzos do Concilio de Braga e do pulo dado por San Martiño de Dumio, non borrou plenamente este sentido máxico e reverencial e o seu significado de temor e medo, persistindo unha serie de crenzas e ritos nos camiños e, especialmente, nos lugares singulares dos mesmos, as sempre incertas encrucilladas, posteriormente sacralizadas e postas baixo a protección dos cruceiros. Outros antigos costumes eran os de poñer velas acesas nos cruces de camiños ou deixar pedras nos amilladoiros formados en ofrenda ao deus condutor dos mortos, Hermes ou Mercurio. Algúns autores, sen deixar de recoñecer o importante valor sacral das cruces nos cruces dos camiños, non consideran que a encrucillada sexa un símbolo en si mesmo senón unha realidade funcional, sendo aproveitada a súa situación favorable para o levantamento duns símbolos relixiosos que dese xeito poderían obter a máxima difusión.

Dúas mostras da arte relixiosa popular relacionadas co mundo máxico dos camiños son precisamente os cruceiros e os petos de ánimas, cristianizando antigos cultos e protexendo o camiñante dos diversos males que lle poden esperar na súa ruta. No caso dos cruceiros, ademais da súa utilidade material como sinais indicadores do itinerario, axudados do alto varal que os fai visibeis na distancia e atraen cara á altura os pensamentos devotos, fornecen nos seus graos un lugar de descanso ao viaxeiro e de oración ao peregrino. Por iso pódese considerar un nacemento do cruceiro no ámbito rural como fito santificador dos devanditos lugares, en certos casos cunha función de cruces altas de camiño. Esta presenza da cruz podería servir para invocar a manifestación divina, para guiar e protexer o camiñante na súa ruta ou mesmo para anunciar e sinalar a proximidade dalgún templo.

Non só as cruces levantadas nos camiños teñen esta función estrita de guía e protección dos viaxeiros que o percorren. As cruces de pedra colocadas ao longo dos vieiros unen a súa función de sacralizar o camiño e as encrucilladas e marcar os límites do territorio, a santificación dos túmulos, necrópoles e monumentos funerarios orixinarios de épocas anteriores ao cristianismo, así como a sinalización, en algún caso, das chamadas malas mortes, falecementos repentinos ou ocorridos de xeito incidental ao longo do itinerario.

5. O CAMIÑO DOS ARRIEIROS

Ao principio deste traballo expúxose a presenza en Galicia de diferentes camiños dende os primeiros tempos, moitos deles mesmo de época megalítica e castrexa. Co nome de Camiño dos Arrieiros coñécese unha vella ruta que une a conca do río Eume, no lugar

que hoxe ocupa a localidade das Pontes de García Rodríguez, co coído do Porto de Bares, percorrendo o traxecto duns 50 quilómetros ao longo dos concellos das Pontes e Mañón, bordeando o de Ortigueira. Trátase dun ancestral camiño de orixe comercial que discorre entre restos megalíticos e fermosas paisaxes polos cumes das serras da Faladoira e da Coriscada. Este lendario e coñecido itinerario está a ser posto en valor ultimamente por entidades como a Fundación Ortegalia e utilizado como ruta de sendeirismo, entre outros, polo Club de Montaña de Ferrol.

Esta vella ruta de comunicación, que aínda se conserva na memoria popular como lembranza do seu uso para asistir ás feiras da comarca, foi considerada por moitos un Camiño Real utilizado dende a Idade Media, de aí o seu nome de Camiño dos Arrieiros. Non obstante, segundo Federico Maciñeira, o maior investigador desta ruta a principios do século XX, realmente trátase dunha vía de contrastada antigüidade que servía de enlace entre o altiplano das Pontes e o devandito Porto de Bares, onde se exportaban o viño, os produtos agrícolas e os minerais do país e a onde chegaban por mar o peixe e diferentes mercadorías. Posteriores investigacións confirmaron que se constata esta estreita relación entre a ruta de tránsito e as necrópoles tumularias que a balizan, mesmo isto ocorre nas principais ramificacións que parten o Camiño dos Arrieiros cara aos vales interiores e á costa de Ortigueira.

Trátase dunha vía utilizada xa dende o ano 2000 a. C., que saía do porto de Bares, do que se discute a orixe fenicia do seu coído ou dique, e que levaba as mercadorías traídas polas naves tanto de pobos mediterráneos como do norte de Europa até a comarca do Eume, centro natural de distribución ben cara á costa de Ferrol, ben á Terra Cha, no interior. Segundo xa fixo notar Federico Maciñeira, na súa parte máis montañosa faise o camiño por zonas altas e despexadas onde a vexetación non é abundante, evitando deste xeito subir e baixar polas valgadas, cheas de maleza, das beiras do río Sor, sendo o clásico camiño da antigüidade utilizado pola vella tribo que se asentaba na ampla depresión das Pontes nas súas relacións coa costa, tratándose dunha vía sagrada que dende a súa orixe estaba balizada por numerosos túmulos prehistóricos.

Varios autores posteriores que estudaron este itinerario parecen confirmar a orixe do mesmo en época neolítica, en especial polo desenvolvemento do camiño que vai movéndose entre as diferentes necrópoles tumularias existentes -ou realmente os túmulos están colocados nos bordos dun camiño que é anterior aos mesmos- así como na existencia de ramais ou ramificacións que, dende a ruta principal, descendeen a outros lugares e que tamén están balizados das devanditas necrópoles, como ocorre co desvío dende o Forno dos Mouros cara ás freguesías das Neves e Devesos cara á ría de Ortigueira ou o ramal que leva dende o alto da Coriscada até o porto de Espasante. Tanto no caso da vía principal como nos vieiros secundarios os devanditos túmulos en ocasións están acom-

pañados de cruces de pedra erixidas en épocas moi posteriores para a sacralización do itinerario.

En todo caso o Camiño dos Arrieiros ten unha pequena dimensión material, sendo estreito e utilizabel unicamente por persoas e cabalerías, e non polos carros de rodas, tendo unha funcionalidade específica de transporte de mercadorías e non tendo a consideración dunha estrita vía de comunicación dos lugares da zona que atravesa. Estas características orixinan o seu pequeno coñecemento e difusión escrita e explican a vulnerabilidade do seu trazado, que aparece descoidado polo pouco uso e esvaecido co paso do tempo.

Este traballo non ten por obxecto o estudo e descrición da devandita ruta, ni tan sequera dar conta dos abondosos restos megalíticos da mesma, como túmulos, necrópoles, menhires ou círculos líticos, que poden chegar a cen sen contar os castros próximos, moitos deles en mal estado e a maioría xa catalogados por diversos investigadores. Estas obras das que estamos a falar lle dan un carácter funerario ao camiño, polo que no traballo se trata de facer referencia a unha serie de cruces de pedra levantadas en datas moi posteriores, coas que se pretendeu sacralizar este camiño e que aínda se atopan nun variabel estado de conservación. O feito que durante o século XIX se ergueran varias destas cruces é tamén unha referencia na continuidade do uso de mesmo.

Estamos ademais diante dun vello camiño que discorre polo cordal das serras da Faladoira e da Coriscada, cunha altitude media de 600 metros, frecuentado polas bestas dos arrieiros e acompañado polo rechiar das rodas das carretas, transitado por lugares inzados de historia e de lendas, desde os recorrentes temas da cidade asolagada e da muller mariña do porto de Bares ou a simboloxía gravada nos rochedos da capela da Nosa Señora de Portas até a lenda da raíña da Serra da Faladoira e as súas voces asubiantes, pasando polo lendario bandoleiro Toribio, o campo do Tesouro de Mogor, a galiña cos poliños de ouro do Forno dos Mouros, o encanto do Monte Caxado e a Santa Compañía de San Xoán de Freixo.

Dentro doutro tipo de lendas, as xurdidas por mor da loita dos paisanos da comarca contra os franceses na Guerra da Independencia, está a de que a cruz de pedra coñecida como Cristo de Mouraz debe o seu nome a que se levantou no lugar dos Xuncos de Mouraz, preto da Ponte de Segade, onde tivo lugar una das últimas batallas cos invasores franceses. Posibelmente o cruceiro se fixo coa finalidade de sacralizar o camiño ou de cristianizar antigos ritos, estando colocado precisamente como marco divisorio das freguesías de Devesos e Couzadoiro do concello de Ortigueira e de Mañón e das Grañas do Sor do concello de Mañón,

6. AS CRUCES DO CAMIÑO DOS ARRIEIRO

.....entonces
brillará el sol de piedra
sobre todas las piedras.

Pablo NERUDA. Las piedras del cielo

Entre os elementos substantivos do Camiño dos Arrieiros salientan unha serie de cruces de pedra, unhas veces altas e outras de curta altura, obras de sempre relacionadas co mundo máxico dos vieiros galegos, colocadas co dobre obxecto de sacralizar pedras e monumentos de antigos cultos e de protexer os viaxeiros dos diversos males e influencias negativas que poden atopar na súa ruta, e non tanto, neste caso, como sinais indicadores do itinerario. Cómpre tamén dicir que algunhas destas cruces baixas son simplemente cruces camiñeiras que sinalizan o itinerario ou cruces das chamadas cruces de mala morte, tamén frecuentes nos camiños galegos para indicar que alí tivo lugar unha morte repentina ou incidental.

A maioría destas obras son de séculos moi posteriores á propia creación do camiño e, por suposto, aos monumentos funerarios que se atopan no mesmo, sendo erguidas as máis antigas durante o século XVIII. O paso do tempo xunto co estado de abandono dunha ruta non utilizada dende hai moito tempo e certa sorte de barbarie cultural levou a que moitas destas obras da arte popular galega que balizan o Camiño dos Arrieiros hoxe se atopan en mal estado, derrubadas e, mesmo, algunha delas practicamente desaparecidas. En todo caso, trátase de obras da arte popular, moitas delas cruces camiñeiras dun limitado valor artístico mais de grande interese etnográfico.

Comezamos este percorrido a carón dun tradicional cruceiro situado practicamente ao inicio do camiño, ergueito na ampla praza fronte á capela da Virxe do Carmo das Pontes: un interesante exemplar, de curiosas formas e orixinal decoración. Sobre a mesa de altar ou pousadoiro leva un retablo de granito rosa, en forma de dobre fornello de medio punto, coas pouco correntes imaxes en baixorrelevo da Virxe das Dores e a Madalena. O fuste é de forma oitavada e o capitel da clásica orde xónica, adobiado con volutas e cabezas de anxos. As imaxes da cruz, de certa calidade, están moi gastadas. O Cristo baixo letreiro de

Capela do Carmo



INRI, separado do madeiro, con amplo pano atado á dereita e cravado de xeito tradicional con cravos metálicos. A efixie frontal e hierática da Virxe do Carme con Neno no brazo esquerdo, amósase colocada sobre unha peaña, coroada, vestida de manto e túnica, semellando que perdeu o seu escapulario.

A primeira parte do itinerario, dende a saída da vila das Pontes cara ao lugar de Uceira, atópase practicamente esvaecida, existindo unha alternativa entre a parte alta do mesmo e o embalse da Ribeira formado no río Eume, que pasa a rentes da ermida dos Remedios en Marraxón. Preto do templo atópase unha cruz de pedra, sinxela e de boa feitura, chantada directamente no chan e posibelmente levantada con funcións de sinalización da ermida. A cruz ten forma esencialmente grega e paus de sección rectangular, está feita do belido material autóctono de toelo ou pedra serpentina e amosa unhas rústicas inscricións apenas lexibeis.

Como triste exemplo da perda e desaparición do patrimonio etnográfico galego temos o caso da seguinte cruz de interese que podían atopar os camiñantes neste itinerario. Tratábase do coñecido como Cristo do Bañal, unha meritoria cruz de pedra que se levantaba practicamente no primeiro tramo da ruta, dentro da parroquia de San Mamede e unha vez pasada A Casilla do Bañal, no cruce coa estrada procedente de Marraxón. A cruz, ergueita ao bordo do camiño, segundo varias informacións foi espoliada e levada fóra de Galicia hai varios anos, aínda que permanece na memoria histórica dos veciños.

A seguinte cruz do itinerario é a coñecida como Cruz da Cabana, situada tamén ao bordo do camiño. Trátase dunha cruz de pedra, sinxela e de curta altura, cos seus paus estreitos e de sección oblonga, sendo o pau inferior dunha forma marcadamente trapezoidal. A cruz atópase colocada sobre unha ampla estrutura cuadrangular que fai de baseamento e a levanta do chan. Neste caso trátase dunha cruz das chamadas de mala morte, lembrando un falecemento accidental ou repentino. Na cara frontal



Cruz dos Remedios



Cruz da Cabana

amosa unha inscrición que informa que se levantou á memoria de Juan Fraga, falecido á idade de 62 anos o 8 de decembro de 1929.

Entre as cruces de pedra que aínda sobreviven nesta antiga ruta, situada moi próxima á anterior, atopamos, unha vez deixado atrás o Alto do Caxado, nun cruce en plena estrada, dentro da parroquia de San Xoán de Freixo nas Pontes, a Cruz de Prada chamada así polo nome de familia do seu construtor. Trátase dunha cruz alta e de bo tamaño, feita de pedra de Moeche ou serpentina, levantada sobre un amplo pedestal cuadrangular feito de laxes de cachotería. Semellando carecer do capitel, sobre un varal relativamente curto coas súas arestas marcadamente oitavadas, vai colocada unha sólida cruz de forma grega que ten os seus remates lixeiramente florenzados, aparecendo espida de imaxes.



Cruz de Prada

Seguindo a ruta polo camiño que sube cara ao Chan de Armada pola Pena da Loba atopamos outra das singulares cruces de pedra deste percorrido dentro do concello das Pontes, a chamada precisamente Cruz do Chan de Armada, ergueita nunha desolada paisaxe a rentes dunha estradiña, posibelmente colocada coa función de sinalizar e lembrar un lugar de antigos enterramentos. É unha cruz alta e de bo tamaño e feita dunha soa peza, elaborada de pedra de granito, de gran rusticidade, forma latina irregular e labra moi ruda, cos seus paus de forma oblonga e remates afiados, tendo o brazo inferior máis longo firmemente chantado no chan.

Facendo un desvío cara á freguesía de San Xoán de Freixo, na praza do lugar pódese ver un interesante exemplar, levantado o ano 1793 pola familia dos Montenegro, segundo amosa unha inscrición moi esvaecida. Levántase sobre unha plataforma de dous monumentais graos de bastas laxas de lousa e un curto pedestal resolto por unha escocia e unha moldura toroidal. A columna de arestas biseladas e o falso capitel soportan unha cruz de extremos bifurcados con remates de semiesferas. A imaxe de Cristo na cruz é de formas esveltas, estando pegado ao madeiro e exposto como morto, cos pés cravados sobre una caveira, símbolo da morte. A efixie da Virxe, orante e de formas estáticas, é máis sinxela e pequena, colocada dentro dun forno.



Cruz de Chande de Armada



San Xoán de Freixo

Unha nova cruz de pedra, neste intre derrubada e tirada do chan, é a que se atopa nunha revolta do camiño cara a Gosende, preto da vella capela de Pena de Francia. Neste caso trátase dunha basta e rechamante cruz de formas singulares e curta altura, con paus moi amplos e sección moi estreita, no seu momento chantada fortemente no chan. Posibelmente fose levantada por mor dunha mala morte, levando gravada na súa fronte a data de 1837, seguramente o ano no que tivo lugar o falecemento dalgunha persoa nese sitio, seguindo o ancestral costume de moitos levantamento dunha sinxela cruz, normalmente de pedra, o falecemento accidental dalgún camiñante.

Seguindo o Camiño dos Arrieiros pódese contemplar a Cruz de Suapena ou de Bidueiro, que aparece colocada no alto dun outeiro, na parte superior dunha agrupación de rochas de lousa, sacralizando un conxunto de túmulos que Francisco Maciñeira identificou como o grupo tumulario do Bidueiro. A rechamante cruz de pedra, que salienta recortada no horizonte, é de forma

Cruz de Gosende





Cruz de Suapena

latina e boa feitura, ten o seus paus lisos e de sección rectangular, aparecendo neste momento completa e ben conservada.

Nun dos lugares máis emblemáticos do Camiño dos Arrieiros, na subida ao Alto da Faladoira, atópase a seguinte cruz de pedra, cristianizando un campo de abondosas mámoas balizadas de pedrafitas. O Cristo da Faladoira, que algúns autores denominan Cruz de Alvar González, é unha cruz alta que se conserva completa, ten uns 2 metros de altura e atópase chantada directamente sobre un dos túmulos, estando situada nun ances-

Cristo da Faladoira



tral cruce de camiños antes do citado alto. Trátase dunha das cruces máis coñecidas do itinerario, que abrolla directamente do chan, fermosamente arrodada de matogueiras de queiruga, co brazo inferior longo facendo de varal. Ergueita nun lugar visibel e sobranceiro, está feita de boa pedra de granito, ten forma latina, os seus brazos son curtos e de sección oblonga, e carece de efixies.

Nun cruce de camiños que leva ás Grañas de Sor, preto de Candedo, atopábase a coñecida como Cruz ou Cristo dos Francos, outro dos exemplares da ruta, citada na súa obra por Federico Maciñeira e outros autores e que segundo diversas informacións foi espoliada nunha nova mostra de agresión ao patrimonio cultural. Facendo un desvío cara á igrexa parroquial de Grañas de Sor, trala ábsida do templo de San Mamede érguese un atractivo cruceiro de formas primitivas. Sobre a plataforma de dous banzos de cachotería e o pedestal prismático aséntase un curto varal oitavado con biseis en punta de frecha. O capitel de caras lisas leva inscritos uns desgastados símbolos da Paixón, os tres cravos, a coroa e o martelo. No crucifixo de paus de remates irregulares aparece á fronte a imaxe de Cristo coroado de espiñas, de labra arcaica e formas expresivas, amosando un marcado patetismo, e no reverso a da Virxe das Dores moi pequena e as penas esbozada.



Grañas do Sor

A seguinte obra deste itinerario é o coñecido como Cristo de Mouraz que se atopa nunha ancestral encrucillada unha vez pasada a chaira de Penas Longas, noutra importante zona tumular do Camiño dos Arrieiros. Esta mítica cruz de pedra estivo levantada nunha chaira a case 450 metros de altura, atopándose hoxe derrubada e esnaquizada, conservando tan só a parte baixa da grosso mastro que facía de columna e algúns restos illados do pedestal. Como xa se expresou, ten ademais o interese engadido de presidir o punto de converxencia de catro parroquias, dúas de Ortigueira (Devesos e Couzadoiro) e dúas de Mañón (As Grañas do Sor e Mañón), sendo noutros tempos o punto de encontro e lugar periódico de reunión dos respectivos párrocos.



Cristo de Mouraz

Diante das continuas peticións para a restauración desta coñecida cruz de pedra de Mouraz, no seu lugar colóuse unha estraña construción de pedra moi branca que algunha mente quenturenta imaxina que pode sela solución dun novo atentado ao patrimonio. A singular cons-trución non merece outro comentario que dicir que consiste nun piar cadrado, onde aparecen gravados os nomes das catro freguesías que converxen no lugar, unha mesa e catro bancos arredando o devandito piar central.



Monumento de Mouraz

A seguinte cruz que se pode ver neste Camiño aínda que fora da traza do itinerario, xa á altura da Serra da Coriscada, é a Cruz de Bostelo, situado no lugar dese nome dentro da freguesía de Santa María de Mañón, ao bordo dun camiño. Trátase dunha típica cruz camiñeira, situado na beira do vieiro, de pedra de gra de boa calidade, sinxela e ben traballada. Está colocada sobre un amplo e sólido baseamento de pedra de lousa de forma cuadrangular, sendo a cruz de acusada forma latina cos seus paus laterais de curto tamaño, traballados con visibeis chafráns nas arestas.




Cruz de Bustelo

Unha nova obra do Camiño dos Arrieiros, situada na parroquia das Ribeiras de Sor, atópase tamén neste intre esnaquizada, o Cristo de Pena Branca, situado preto dunha fonte e ao pé da subida a un outeiro sacro, no cruce do camiño co vieiro que leva a Pena Branca e Pastoriza, ergueita tamén noutra chaira



Cruz de Pena Branca

que posúe unha abondosa presenza de antigos túmulos. Carente dende hai anos da cruz de remate conservaba unha desencaixada plataforma de lousas, un curto varal oitavado por rebaixe das arestas e un sólido capitel cuadrangular. Hoxe os restos desta cruz de pedra é outro triste exemplo de desleixo do patrimonio, atopándose os seus elementos tirados no chan.



Cruz de Monteirón

Santa María de Mogor



Unha das últimas cruces de pedra pertencentes a este mítico Camiño dos Arrieiros é o cruceiro de Monteirón, levantado no lugar dese nome pertencente á freguesía de Mogor, situado nunha encrucillada coa estrada que leva dende O Barqueiro ás Ribeiras de Sor. O cruceiro, que se atopa revestido de liques de xeito fermoso, érguese sobre un pequeno pedestal de forma circular e está formado por dúas pezas de granito encaixadas á altura dos brazos da cruz. O tramo longo inferior que fai de varal da obra é de sección cadrada mentres que os brazos da cruz están traballados con chafráns.

Finaliza este percorrido polas cruces de pedra do Camiño dos Arrieiros fronte á igrexa de Santa María de Mogor, no concello de Mañón. A cruz de pedra que adobía a entrada do adro parroquial levántase sobre unha plataforma de dous amplos chanzos de pedra que soportan o varal que comeza cun dado cadrado e continúa logo de xeito octogonal. O cruceiro carece de capitel e remátase dunha boa cruz de forma latina, con chafráns nas súas arestas e remates de forma florenzada, aparecendo espida de imaxes.

7. BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

- BASCOY PÉREZ, R., *A Comarca del Ortegalea en el II milenio antes de Jesucristo*. Ortigueira, 1956.
- BELLO DIÉGUEZ, J.M., CRIADO BOADO, F. y VÁZQUEZ VARELA, J.M. *La cultura megalítica en la provincia de A*

- Coruña y sus relaciones con el marco natural*. Deputación Provincial de A Coruña, 1987.
- BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Los cruceros, el patrimonio etnográfico y el arte popular*. O Castro. Sada, 2003.
- BURGOA FERNÁNDEZ, J. J., *Os cruceiros do Concello de As Pontes. Patrimonio Histórico de As Pontes de García Rodríguez* (Coord. Víctor Alonso). Universidade da Coruña, 2003.
- FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos medievales de Galicia. Boletín Auriense*. Anexo 9. Orense, 1988.
- MACIÑEIRA PARDO DE LAMA, F., *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. Santiago de Compostela, 1947.
- MACIÑEIRA PARDO DE LAMA, F., *Notable grupo de círculos líticos y túmulos dolméticos de la cuenca superior del Eume*. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Santiago, 1929.
- MARTÍN RUIZ, L., *Cruceiros na provincia da Coruña*. Catro tomos. A Coruña, 1999.
- NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio y los caminos en Galicia*. Planos Históricos de la red viaria. A Coruña, 1992.
- OTERO VILARIÑO, C., *Una ruta cultural en Ortegal: O Camiño dos Arrieiros*. Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio (TAPA 30). Santiago de Compostela, 2003.
- PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E., y GÓMEZ BLANCO, A. *De lenda en lenda. Camiños máxicos polo noroeste de Galicia*. Ferrol, 1999.

Mapas Topográficos 1:25.000. INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL..As Pontes 23-I, Ambosores 8-III, Mañón 8-I, Ortigueira 2-III.

<http://www.clubmontanaferrol.es>

<http://www.celtiberia.net>

<http://camiñodosarrieiros.blogspot.com>

Agradecementos. De forma moi especial a Xan Ramírez, presidente do Club de Montaña de Ferrol, polas súas interesantes achegas ao traballo e o fornecemento de varias das fotografías do mesmo.